

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de marzo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día trece de marzo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(311).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(312).- CORRECIÓN DE ERRO DO ACORDO DE X.GOVERNO DO 13.02.15 EN RELACIÓN COAS BASES DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTRAOS E ALIMENTACIÓN 2015”. EXPTE. 102893/301.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 12.03.15, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestarm que di o seguinte:

1.1. As Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» elaborado

polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 30.12.2014 e do 13.02.2015.

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. As Bases do Programa atópanse neste intre pendentes de publicación oficial no BOP de Pontevedra e nos demais medios previstos (taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, Unidades de Traballo Social e web municipal).

I.4. Con todo, foi detectada a existencia dun erro material na Táboa 2 (Base 14ª), na que se relacionan ingresos e número de membros da unidade de convivencia para a asignación das respectivas puntuacións de acordo coas Táboas 1.1 (ingresos máximos da unidade de convivencia, descontados os gastos de aloxamento) e 1.2 (importes máximos admitidos en concepto de gastos de aloxamento) da Base 7ª.

A corrección proposta deste erro afecta exclusivamente á puntuación atribuída ás unidades familiares con seis (6) membros e uns ingresos negativos de entre -150 e -101€, que debe ser de 28 puntos e non de "21" como equivocadamente se consignou nesa Táboa.

I.5. En calquera caso, con ser necesaria a corrección deste erro, cómpre aclarar que non afecta ós requisitos necesarios para acceder ás axudas extraordinarias nin ó procedemento de tramitación e resolución nin a ningún outro aspecto substancial das Bases.

TÁBOA 2
(correxida)

INGRESOS	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
-425 -401	18	24	28	31	35	38
-400 -351	18	24	28	31	35	38
-350 -301	18	24	28	31	34	36
-300 -251	18	24	28	30	32	34
-250 -201	18	23	26	28	30	32
-200 -151	18	21	24	26	28	30
-150 -101	16	19	22	24	26	28
-100 -51	14	17	20	22	24	26
-50 -0	12	15	18	20	22	24
1 a 50	10	13	16	18	20	22
51 a 100	8	11	14	16	18	20
101 a 150	6	9	12	14	16	18
151 a 200	4	7	10	12	14	16
201 a 250	2	5	8	10	12	14
251 a 300	—	3	6	8	10	12
301 a 350	—	1	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2

II. NORMATIVA APLICABLE

II.1. Con carácter xeral, o Art. 105.2 da LRX-PAC (L.30/1992) sinala que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Trátase dunha facultade atribuída á Admón. para poder corrixir ou rectificar, sen ningún apremio temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo, coa exclusiva finalidade de impedir que un simple erro desa natureza poida pervivir ou producir efectos desorbitados, como os que suporía acudir ós trámites do procedemento de revisión.

II.2. Con todo, esa simple e directa rectificación ex Art. 105.2 LRX-PAC, sen máis trámites no caso presente que a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, será sempre de aplicación restrictiva e terá que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por sí mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras).

II.3. En efecto, a rectificación material de erros de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar os posibles erros na transcripción ou de simple conta e deben diferenciarse estes supostos daquelas rectificacións de maior trascendencia, non autorizadas polo precepto indicado.

Destas características participa, sen dúbida, o erro material padecido na Táboa 2 das Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» que neste procedemento se pretende subsanar.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a corrección do erro material detectado na Táboa 2 da Base 14ª do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015», aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesións do 30.12.2014 e do 13.02.2015, no sentido indicado no informe-proposta da Xefatura da Área de Benestar social do 12.03.2015 e que afecta exclusivamente á puntuación correspondente ás unidades familiares con 6 membros e uns ingresos negativos de entre -150 e -101€, que debe ser de 28 puntos».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(313).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS DE VIGO. EXPTE. 936/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.15, o informe de fiscalización do 11.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, 10.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e

Museos e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF)*
- *RD 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ao RDL 3/2011.*
- *Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro (RGLCAP), no que non se opoña ao RDL 3/2011.*
- *Subsidiariamente, polos preceptos da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (RXAPPAC) e normas complementarias.*
- *Con carácter supletorio, restantes normas de Dereito Administrativo (RDL 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local, RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia...) e, no seu defecto, as normas de Dereito Privado que lle sexan de aplicación.*

ANTECEDENTES.-

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. *Copia do informe emitido polo xefe do Servizo de Museos Municipais de data 5 de setembro de 2012 en relación coa reorganización dos servizos de atención ao público, vixilancia, mantemento de instalacións de seguridade que se precisen nos diversos centros dependentes da Área, así como sobre a conveniencia e idoneidade da contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede museística.*
2. *Copia da resolución da concelleira delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar do 5 de setembro de 2012 para o inicio do expediente de contratación dos servizos de atención ao público en dependencias e actividades dos centros e servizos integrados na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas.*
3. *Copia da resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do 28 de febreiro de 2013 para que "se continúe o procedemento para a contratación dos servizos de atención ao público nas dependencias integradas na rede museística e expositiva da Área de Cultura, Festas e Museos (...)"*
4. *Informe asinado o 18 de setembro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural en relación coa conveniencia e idoneidade da contratación dos servizos de atención ao público e de actividades educativas en dependencias da rede de museos municipais e cos antecedentes na tramitación da contratación.*
5. *Resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do 18 de setembro de 2014 para que "se continúe o procedemento para a contratación dos servizos de atención ao público nas dependencias integradas na rede museística e expositiva da Área de Cultura, Festas e Museos (...) engadindo no prego de prescricións técnicas e obxecto contractual os servizos de actividades educativas; para un período de dúas anualidades, prorrogables por anualidades ata un máximo de outras dúas".*
6. *Memoria xustificativa para a contratación de servizos de atención ao público e de actividades educativas en dependencias da rede de museos municipais asinada o 6 de outubro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe*

do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

- 7. Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de atención ao público e de actividades educativas en dependencias da rede de museos municipais asinado o 6 de outubro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*
- 8. Documento no que se recolle o cálculo dos servizos de atención ao público e dos servizos educativos do 6 de outubro de 2014.*
- 9. Dilixencia da xefa do Servizo de Contratación do 28 de outubro de 2014 de devolución do expediente ao servizo xestor para corrección.*
- 10. Memoria xustificativa para a contratación de servizos de atención ao público e de actividades educativas en dependencias da rede de museos municipais asinada o 31 de outubro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*
- 11. Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 30 de decembro de 2014 sobre comprobación da documentación do expediente.*
- 12. Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de atención ao público e de actividades educativas en dependencias da rede de museos municipais asinado o 31 de outubro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*
- 13. Dilixencia asinada polo xefe da Oficina Administrativa de Contratación de data 10 de novembro de 2014 polo que se remite o expediente a pedimento do Servizo de Museos.*
- 14. Documento (por duplicado) no que se recolle o cálculo dos servizos de atención ao público e dos servizos educativos do 11 de novembro de 2014.*
- 15. Informe asinado o 9 de decembro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural en relación cos antecedentes na contratación e eliminación das actividades educativas do obxecto do contrato, así como coa conveniencia e idoneidade da contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais.*
- 16. Resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do 9 de decembro de 2014 para que “se continúe o procedemento para a contratación dos servizos de atención ao público nas dependencias integradas na rede museística e expositiva da Área de Cultura, Festas e Museos (...) modificando o obxecto contractual do expte 936-341, en canto a obxecto que debe excluír os servizos de actividades didácticas”.*
- 17. Memoria xustificativa para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais asinada o 9 de decembro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*
- 18. Memoria xustificativa (corrixida) para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais asinada o 9 de decembro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*
- 19. Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais asinado o 9 de decembro de 2014 polo xefe do Servizo de Museos Municipais coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*

20. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 19 de xaneiro de 2015.
21. Dilixencia da Asesoría Xurídica para corrección do prego de cláusulas administrativas particulares de data 19 de xaneiro de 2015.
22. Escrito presentado por D. Antonio López González, en calidade de apoderado da mercantil Servicios Securitas, S.A., no que informa das condicións laborais do persoal que, a data 31/12/2014 presta os servizos de atención ao público na Rede Museística do Concello de Vigo (registro de entrada na data 27 de xaneiro de 2015 co número 150010815).
23. Dilixencia asinada pola xefa do Servizo de Contratación o 28 de xaneiro de 2015 na que sinala diversas modificacións no prego de cláusulas administrativas particulares (Anexo III e apartado 3J das FEC).
24. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 30 de xaneiro de 2015.
25. Informe-proposta do Servizo de Museos á Xunta de Goberno Local do 10 de febreiro de 2015 sobre aprobación do expediente para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede municipal de museos, dos pregos de prescricións técnicas particulares e cláusulas administrativas particulares e apertura do procedemento de licitación para selección de contratista.
26. Dilixencia da Técnica de Fiscalización e Control Financeiro de data 17 de febreiro de 2015, sobre aclaracións ou rectificacións diversas.
27. Informe do Servizo de Museos Municipais de data 20 de febreiro de 2015 sobre aclaracións solicitadas pola Técnica de Fiscalización, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.
28. Dilixencia da xefa do servizo de Contratación do 25 de febreiro onde detalla os cambios nas FEC do PCAP datado o 30 de xaneiro de 2015, de acordo coa dilixencia de Intervención.
29. Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais, actualizado polo servizo de museos municipais, do 3 de marzo de 2015, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.
30. Informe do servizo de museos, de data 3 de marzo de 2015, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, para modificación nas FEC do PCAP respecto á data prevista de inicio do contrato e distribución do importe do contrato por anualidades.
31. Dilixencia da Xefa do Servizo de Contratación, de 4 de marzo de 2015, ampliando os cambios nas FEC do PCAP respecto aos contidos na súa dilixencia do 25 de febreiro.
32. Prego último de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais por procedemento aberto, asinadas pola xefa do Servizo de Contratación con data 4 de marzo de 2015.
33. Informe sobre cambios no PCAP, PPT e novos documentos que se incorporan ao expediente respecto á data do informe da Técnica de Fiscalización do 17 de febreiro de 2015 e remisión do expediente á Asesoría Xurídica.
34. Informe da Asesoría Xurídica de data 9 de marzo de 2015.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

1.- O expediente de contratación iníciarase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/07/2011 nos concelleiros delegados de Área.

A tal fin consta no expediente copia da resolución da concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar de data 5 de setembro de 2012, a copia da resolución de continuación do procedemento do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do 28 de febreiro de 2013; a resolución do mesmo concelleiro-delegado do 18 de setembro de 2014 de continuidade do procedemento para a contratación dos servizos de atención ao público engadindo no PPT e obxecto contractual os servizos de actividades educativas; e a resolución do 9 de decembro de 2014 excluindo do obxecto contractual os servizos de actividades didácticas.

2.- No expediente consta, de acordo co art 116 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas do 9 de decembro de 2014, redactado polo xefe do servizo de Museos, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos (que actualiza os pregos de prescricións técnicas do 6 e 31 de outubro dese ano). De conformidade co art 115 do TRLCSP, tamén consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, asinado con data 30 de xaneiro de 2015 e o último prego de cláusulas administrativas particulares de 3 de marzo de 2015 elaborado pola xefa do servizo de contratación que incorpora as modificacións indicadas pola Técnica de Fiscalización e Control Financeiro na súa dilixencia de data 17 de febreiro de 2015.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto con múltiples criterios de adxudicación, conforme ao establecido polo art. 138 TRLCSP, utilizándose os criterios de adxudicación que se relacionan no apartado 8 das follas de características do contrato (FEC).

4.- O expediente contén o informe xurídico preceptivo en cumprimento do disposto no art. 115.6 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

5.- O prazo de duración do contrato estableceuse en 2 anos (24 meses), a contar dende a data da súa formalización, ca opción de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, mediante acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e si o contratista non se opuxera cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou das súas prórrogas..

O art. 303.1 do TRLCSP, regula respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, illada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.

En liña co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que na concorrência para a súa adxudicación se realizou tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

6. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse ao expediente o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

Dado que o contrato ten carácter plurianual, a autorización e o compromiso de gasto subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, de conformidade con artl 174.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRHL

- *Presuposto total de licitación (2 anos, excluídas posibles prórrogas): 798.420,60 € (servizos de atención ao público: 697.697,40 € e servizos de coordinación e organización do servizo: 100.723,20 €)*
- *IVE a soportar pola Administración: 138.568,86 €*
- *Valor estimado do contrato (FEC, 3.C): 1.451.673,83 €*

- *Anualidades con IVE:*
 - *Ano 2015: 199.605,15 €*
 - *Ano 2016: 399.210,30 €*
 - *Ano 2017: 199.605,15 €*

- *Data prevista de inicio do contrato (FEC 4.D): 01/07/2015*

- *Aplicacións orzamentarias.- O contrato deberá imputarse ás seguintes aplicacións orzamentarias:*
 - *3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público": 697.697,40 € e*
 - *3330.227.99.07 "Coordinación, monitoraxe e exposicións": 100.723,30 €*

- *En 2015 o importe previsto de licitación poderían financiarse con cargo as seguintes partidas:*
 - *3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público": 174.424,35 €.*
 - *3330.227.99.07 "Coordinación, monitoraxe e exposicións": 25.180,80 €*

- *En 2016, para o financiación dunha anualidade completa que tería un importe de licitación de 399.210,30 €, proponse o financiamento con cargo ás seguintes partidas:*
 - a) *as que teñen relación directa con contrato:*
 - *3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público": 280.000 €.*
 - *330.227.99.07 "Coordinación, monitoraxe e exposicións": 40.000 €*
 - b) *outras partidas da bolsa de vinculación que financiarían a diferenza (79.210,30 €; 68.848,71€ precisaríanse para financiar a diferenza na partida 227.99.05 "servizos de atención ao público" e 10.361,59 € para financiar a diferenza da partida 227.99.07 "coordinación, monitoraxe e exposicións").*
 - *3330.227.01.01 "Servizos de seguridade de dependencias": 42.118,82 € (diferencia entre dotación da partida neste exercicio e importe do contrato de vixilancia en 2015).*
 - *3330.227.00.00 "Limpeza dependencias": 20.000 € (a limpeza de dependencias está actualmente integrada no contrato xeral de limpeza de dependencias do Concello) e*
 - *3330.227.99.09 "Funcionamento da Pinacoteca": 17.091,48 €.*

- *En 2017 o importe previsto de licitación poderían financiarse con cargo as seguintes partidas:*
 - *3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público": 174.424,35 €.*
 - *3330.227.99.07 "Coordinación, monitoraxe e exposicións": 25.180,80 €*

O emprego da bolsa de vinculación non afecta ao normal desenvolvemento do servizo.

7.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

Polo exposto, nas anteriores antecedentes e consideracións, coa conformidade do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, previo informe da Intervención Xeral, e por ser o órgano de contratación do Concello, faise a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente incoado para a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que rexerá a contratación citada, redactado polo Xefe do Servizo de Museos Municipais, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, con última data de 3 de marzo de 2015.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación obxecto do presente expediente, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con última data de 4 de marzo de 2015.

CUARTO.- Autorizar o gasto do devandito contrato, por importe de licitación total de 798.420,60 € (659.851,74 €, máis 138.568,86 € correspondentes ao 21% de IVE) para un período de dúas anualidades a contar dende o 1 de abril de 2015 ata o 31 de marzo de 2017, que orzamentariamente se imputará as seguintes aplicacións e polos seguintes importes o que implica o emprego dos créditos da bolsa de vinculación orzamentaria:

Aplicacións orzamentarias		Anualidade			Total
		2015	2016	2017	
3330.227.99.0	Servizos de atención ao público	174.424,35	348.848,70	174.424,35	697.697,40
3330.227.99.0	Coordinación, monitoraxe e exposicións	25.180,80	50.361,60	25.180,80	100.723,20
		199.605,15	399.210,30	199.605,15	798.420,60

O emprego da bolsa de vinculación orzamentaria non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(314).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NÚÑEZ, ENTRE ECUADOR E MARÍA BERDIALES”. EXPTE. 2709/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 13.03.15, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NUÑEZ, ENTRE ECUADOR E MARÍA BERDIALES", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 6 de marzo de 2015 co número de expediente 2.709/440 por importe de 227.568,22 € (IVE excluído).

En data 10 de marzo de 2015, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NUÑEZ, ENTRE ECUADOR E MARÍA BERDIALES", cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.709/440

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A28849495.

Presuposto de execución material: 191.233,80 €

Presuposto de contrata: 227.568,22 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 2 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESIMPRO.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da tramitación do devandito expediente, nos termos expostos.

5(315).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMEROS 52 E 60". EXPTE. 3057/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 13.03.15, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMEROS 52 E 60”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 6 de marzo de 2015 co número de expediente 3.057/440 por importe de 26.952,88 € (IVE excluído).

En data 10 de marzo de 2015, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMEROS 52 E 60”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 3.057/440

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A28849495.

Presuposto de execución material: 22.649,48 €

Presuposto de contrata: 26.952,88 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 2 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: PROYEGAL.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da tramitación do devandito expediente, nos termos expostos.

6(316).- PROXECTO DE “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS”. EXPTE. 3080/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 11.03.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

Con data 6 de agosto de 2013, o Concelleiro delegado da Área de Fomento por delación da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2014, adxudicou á Vilar Montoro a redacción do proxecto de referencia.

Con data novembro de 2013 a referida consultoria entregou a este Concello o proxecto redactado por conta da mesma polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Luis Vilar Montoro asinado asímemo polos técnicos municipais directores do proxecto.

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS, redactado pola ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, e polo ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL DE OBRAS PÚBLICAS D. Julio Carrasco Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTECATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (124.837,18€).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSPP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSPP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSPP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

As accións que se levarán a cabo na rúa son basicamente as seguintes:

O ámbito de actuación centrase no camiño de Lagoa (travesía de Espiñeiro 1), que da acceso o porto deportivo de Teis. Na actualidade o noiro existente sufriu un desprendemento de terras deixando desprotexida tanto a subbase como a base da calzada con o consiguiente perigo que conleva. Hay dous tramos discontinuos afectados de 20 m de lonxitude cada un e alturas de 17 e 12 m respectivamente.

A envergadura do noiro a estabilizar obriga a alonxarse das solucións tradicionais de muros de formigón en masa, armados ou de bloques de pedra e acudir a técnicas que permitan conseguir un muro continuo, resistente e de pouco espesor que soporte e conteña a presión exercida polo terreo.

Polo tanto, se opta pola técnica de gunitado ou formigón proxectado que pode ser adaptado a todas as superficies, incluíndo a terra, e da xeometría en calquera inclinación, ofrecendo unha excelente impermeabilización debido á baixa porosidade do material obtido , alta durabilidade e baixo mantemento, preservando os aspectos funcionais e de seguridade do tráfico por estrada.

A solución proposta é unha mellora ou reforzo de solos, presentándoo a barras pasivas inxectados con morteiro. Co fin de facer o terreo en si unha pantalla autoportante, sobre un mallazo como armadura, aplicarase un hormigón proxectado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe facultativo do Enxeñeiro Técnico Municipal D. Julio Carrasco Rodríguez de data 11 de febreiro de 2015.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase necesario informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro por conta da consultoría VILAR MONTORO INGENIERÍA para a "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS, dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, E O ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTECATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (124.837,18€) e un prazo de execución de 2 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.